




**8 DE MARZO**  
**“QUE NON CHE POÑAN LÍMITES”**  
**ACTIVIDADES PARA REALIZAR NA AULA**

Como noutras ocasións dirixímonos a vós para facervos chegar unha serie de actividades que vos poden servir para traballar desde Educación Infantil, Primaria, Secundaria, FP...

Agardamos que vos sexan útiles.

*Asemblea de Mulleres*  
**STEG**



## 1.- INTRODUCCIÓN: “QUE NON CHE POÑAN LÍMITES”

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG escollemos este lema porque pensamos que as mulleres aínda seguimos a padecer moitos límites na sociedade na que vivimos.

**Póñennos límites persoais** cando desde pequenas nos din “que isto non o fan as nenas, que os nenos son máis fortes, máis insensíbeis, máis duros,...”, mentres que as nenas son “máis boas, máis sensíbeis,...”.

**Póñennos límites laborais** cando nos discriminan en moitos traballos por sermos mulleres, cando nos impiden conciliar a vida laboral e persoal, cando nos pagan menos que aos homes facendo o mesmo traballo, cando nos ofrecen traballos precarios,...

**Póñennos límites profesionais** cando nos impiden mellorar e ascender no noso traballo simplemente porque somos mulleres.


**Póñennos límites culturais** cando nos impoñen unha moda, unha estética, unha talla, un peso,...

**Póñennos límites físicos** cando non nos deixan decidir o que facer co noso corpo.


**Póñennos límites.** Que non che poñan límites porque, aínda que falte un longo camiño para alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres, soamente loitando día a día o lograremos.

## 2.- OBXECTIVOS

- Promover o desenvolvemento dun modelo de convivencia familiar e social igualitaria.
- Fomentar o deseño e realización de programas de orientación non sexista que promovan a elección de estudos de forma non discriminatoria.
- Promover o empoderamento feminino.
- Introducir a perspectiva de xénero en todas as actividades escolares.
- Prestar unha atención específica aos colectivos de nenas que se encontran en situación de vulnerabilidade por sufrir unha dobre discriminación pola súa situación de discapacidade, pertenza a minorías étnicas, migración, ou exclusión social.
- Fomentar e garantir unha educación desde a igualdade e para a igualdade.
- Valorar o traballo feito polas mulleres ao longo da historia.
- Rematar cos estereotipos e tópicos machistas e sexistas da nosa sociedade.
- Concienciar a nenos e nenas da importancia das capacidades e os intereses á hora de escoller unha profesión, deixando fóra os condicionamentos sociais.
- Fomentar nas nosas alumnas a idea de que non hai que porse límites persoais, profesionais, laborais, etc.



### 3.- ACTIVIDADES



**1. Conto de “Arturo e Clementina”. Adela Turín. Editorial Lumen**


Sería moi interesante que antes de o leren lles amosásemos as imaxes, que son moi expresivas; pedirllas que nos conten o que ven nesas imaxes.

Gustouche o conto? Quen che gusta máis, Arturo ou Clementina? Para que lle daba Arturo tantas cousas a Clementina? Clementina quería esas cousas? Era feliz con todo o que levaba encima da súa casa? Por que Clementina decide marchar e deixar a Arturo?

Fai un debuxo sobre o conto.

**2. Nos contos clásicos “A Cincenta”, “Branca-neves”, “A Bela e a Besta”... as mulleres desempeñan polo xeral un papel pasivo e sempre son salvadas por un home e, como non , ao final casan con el.**

*Inventa un conto diferente no que isto non suceda e a muller desempeñe outro papel diferente ao que lle atribúen os tópicos.*




**3. Ler o conto de “HADABRUJA” de Brigitte Minne e Carll Cneut, editorial Barbara Fiore.**

*Fai un collage sobre o conto. Por que consideras que Rosamaría marchou da súa casa? Gústache o que fixo? Que prefires ser ti, Fada ou Meiga? Inventa outro conto parecido a este.*



Legislatura

		1982-1986	1986-1989	1989-1993	1993-1996	1996-2000	2000-2004	2004-2008
<b>Deputadas/os por Grupos parlamentarios</b>	<b>TOTAL</b>	<b>350</b>	<b>350</b>	<b>350</b>	<b>350</b>	<b>350</b>	<b>350</b>	<b>350</b>
	Socialista	202	184	175	159	141	125	162
	Popular (1)	105	84	106	141	154	183	148
	IU-ICV (2)			18	18	21	8	5
	Catalán-CiU (3)	12	18	18	17	16	15	10
	Vasco-PNV	8	6	5	5	5	7	7
	Coalición Canaria				5	6	4	5
	ERC							8
	Misto	11	34	10	5	5	8	5
	CDS(4)	12	19	14				
Outros (5)		5	4		2			
<b>% Mulleres</b>	<b>TOTAL</b>	<b>4,57</b>	<b>6,29</b>	<b>12,86</b>	<b>15,71</b>	<b>22,00</b>	<b>28,29</b>	<b>36,00</b>
	Socialista	6,93	7,07	17,14	17,61	27,66	36,80	46,30
	Popular (1)	0,95	5,95	10,38	14,89	14,29	25,14	28,38
	IU-ICV (2)			11,11	22,22	33,33	25,00	40,00
	Catalán-CiU (3)	0	5,56	5,56	5,88	25,00	13,33	10,00
	Vasco-PNV	12,50	0	0	0,00	20,00	28,57	14,29
	Coalición Canaria				0,00	0,00	25,00	20,00
	ERC							12,50
	Misto	0		0	20,00	40,00	0	60,00
	CDS(4)	0	0	0				
Outros (5)		20,00	25,00		100,00			
<b>TOTAL DEPUTADOS/AS (*)</b>		<b>392</b>	<b>394</b>	<b>389</b>	<b>407</b>	<b>409</b>	<b>416</b>	
<b>% Mulleres</b>		<b>5,87</b>	<b>8,38</b>	<b>13,88</b>	<b>15,97</b>	<b>23,96</b>	<b>31,73</b>	



5. **Le estas frases e coméntaas en gran grupo:**



*Están tan afeitos os homes a mirarnos como escravas que non poden acostumarse á idea de que algún día poidamos ser consideradas como os seus iguais e en todas as relacións da vida estar ao seu mesmo nivel.*

**Soidade Gustavo**


*“As proletarias. Propaganda emancipadora entre as mulleres”*

*¡Que pracer é ver a unha muller levantarse pola mañá, andar revolta, a toca desprendida, as mangas alzadas (...) ¡Que pracer é vela facer a súa colada, cocer o seu pan, varrer a súa casa, acender o seu lume, pór a súa pota, e despois de ter comido tomar a súa almofada para labrar ou a súa roda para fiar!”*



**Frei Antonio de Guevara**

*“Epístolas familiares” 1531*



*Así quen governe debe posuír a virtude moral perfecta; (...) é evidente, pois, que todos os que dixemos posúen a virtude moral, pero non é a mesma temperanza a da muller que a do home, nin a mesma fortaleza, como pensaba Sócrates, senón que a do home é unha fortaleza para mandar e a da muller para servir, e o mesmo as demais virtudes.*

**Aristóteles** *“A Política”*

6. **Na nosa sociedade hai profesións que son tipicamente masculinas e outras que son tipicamente femininas. Aquí tes algúns exemplos, busca outros máis e pensa por que sucede isto.**

XÉNERO E PROFESIÓN

Femininas	Masculinas
Mestra de infantil	Bombeiro
Enfermeira	Albanel
Limpadora	Mariñeiro
Perruqueira	Mecánico
Ama de casa	Camioneiro
...	...

7. **¿Coidas que as mulleres poden desempeñar as profesións tipicamente masculinas e os homes as que se presupoñen tipicamente femininas?**

8. **Fai un debuxo dun home realizando unha profesión das atribuídas á muller e a unha muller facendo un traballo dos atribuídos aos homes.**

9. **María é mecánico, Isa é albanel e Conchi é piloto de avión para viaxes particulares. Deseña carteis-collage que sexan convincentes e rompan os posíbeis prexuízos que poidan ter algunhas persoas á hora de contratar os seus servizos por consideralas profesións pouco adecuadas para elas por seren mulleres.**





## 10. **Escoita a canción de Bebe.**

Artista: **Bebe**

Álbum: **Pa Fuera Telarañas**

Canción: **Ela**

*Ella se ha cansado, de tirar la toalla  
va quitando poco a poco telarañas  
No ha dormido esta noche, pero no está cansada  
No miró ningún espejo, pero se siente "toa" guapa*

*Hoy, ella se ha puesto color en las pestañas  
Hoy le gusta su sonrisa, no se siente una extraña  
Hoy sueña lo que quiere sin preocuparse por nada  
Hoy es una mujer que se da cuenta de su alma*

*Hoy vas a descubrir que el mundo es sólo para ti  
que nadie puede hacerte daño, nadie puede hacerte daño  
Hoy vas a comprender que el miedo se puede romper con un  
sólo portazo  
Hoy vas a hacer reír porque tus ojos se han cansado de ser llanto,  
de ser llanto  
Hoy vas a conseguir reírte hasta de ti y ver que lo has logrado*

*Hoy vas a ser la mujer que te de la gana de ser  
Hoy te vas a querer como nadie te ha sabido querer  
Hoy vas a mirar pa 'lante que pa 'atrás ya te dolió bastante  
Una mujer valiente, una mujer sonriente mira como pasa*


*Hoy no has sido la mujer perfecta que esperabas, has roto sin pudores  
las reglas marcadas  
Hoy has calzado tacones para hacer sonar tus pasos  
Hoy sabes que tu vida nunca más será un fracaso*

*Hoy vas a descubrir que el mundo es sólo para ti  
que nadie puede hacerte daño, nadie puede hacerte daño  
Hoy vas a conquistar el cielo sin mirar lo alto que queda del suelo  
Hoy vas a ser feliz aunque el invierno sea frío y sea largo, y sea largo  
Hoy vas a conseguir reírte hasta de ti y ver que lo has logrado*

*Hoy vas a descubrir que el mundo es sólo para ti  
que nadie puede hacerte daño, nadie puede hacerte daño  
Hoy vas a comprender que el miedo se puede romper con un sólo  
portazo  
Hoy vas a hacer reír porque tus ojos se han cansado de ser llanto, de  
ser llanto  
Hoy vas a conseguir reírte hasta de ti y ver que lo has logrado*

**Que che suxire esta canción? Bebe di na canción "hoxe vas ser a muller que che dea a gana ser". Que dificultades ten que superar a muller para levar isto a cabo?**

**Fai en grupo un mural sobre o que che suxire a canción, o que che fai sentir.**



**11. Todas estas son mujeres que a pesar de los límites que les impuso la sociedad conseguieron sus metas e, porén, prácticamente no son reconocidas. Investiga sobre alguna de ellas.**

Marjory Stephenson	Mari-Anne Paulzer	Diane Fossey
Marta Mata	Concepción Arenal	Shelma Lagerlof
Maria Grubeshieva	Adela Zamudio	Mary Robinson
Federica Montseny	Hester Stanhope	Gertrude Bell

**12. Le e comenta esta poesía**



**Gioconda Belli**

*¿Cómo será, me pregunto,  
no sentir incesantemente  
que uno debería ocupar varios espacios al mismo  
tiempo?  
No pensar, mientras se tumba uno con un libro,  
que se debería estar haciendo otra cosa.  
Asumir, como hacen los hombres,  
la importancia del tiempo  
que dedicamos al propio enriquecimiento.  
Las mujeres  
tenazmente sentimos  
que le estamos robando tiempo a alguien.  
Que quizás en ese preciso instante  
se nos requiere  
y no se cuenta con nosotras.  
Precisamos  
todo un entrenamiento  
para no borrarlos, minimizarlos,  
constantemente.  
¡Ah! ¡Mujeres, compañeras mías!  
¿Cuándo nos convenceremos  
de que fue sabio el gesto  
de extenderle a Adán  
la manzana? (74-5)*

**13. Busca en Internet fotografías de mulleres inmigrantes. Obsérvaas e comenta cales son os límites que teñen esas mulleres.**

**14. Pedir a alumnas e alumnos que indaguen o significado destes conceptos.**

**Sexo:** home ou muller. Refírese aos caracteres biolóxicos e non determina necesariamente os comportamentos.

**Xénero:** masculino-feminino. É o conxunto de valores, sentimentos, actitudes, capacidades, roles..., asignados culturalmente a unha persoa polo feito de nacer dun sexo ou doutro. En definitiva é unha construción cultural que limita o desenvolvemento integral das persoas.

**Sexismo:** é o poder que exerce un colectivo humano sobre outro, en razón de pertencer a un ou outro sexo.

**Currículo oculto:** conxunto de nocións, pautas e valores non explícitos que se transmiten inconscientemente no ámbito educativo, nas relacións sociais e familiares.

**Traballo reprodutivo:** É o que se realiza dentro da casa e que se ocupa do mantemento e supervivencia das persoas.

**Segregación ocupacional:** A maioría dos traballos están estereotipados como masculinos ou femininos, o que leva consigo unha segregación por sexo no mercado de traballo en diferentes dimensións: lugares de traballo ocupados unicamente por homes ou mulleres, ocupacións con unha proporción de homes ou mulleres maior do que representa a poboación,...

**Dobre xornada:** concepto relacionado coa responsabilidade e o dobre traballo que levan a cabo aquelas persoas incorporadas ao mercado laboral e que asumen ademais as responsabilidades familiares e as tarefas do fogar. Esta situación afecta principalmente ás mulleres.

**Corresponsabilidade:** reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais entre os dous sexos, de maneira que a achega económica (tradicionalmente asignada aos homes), así como as tarefas e o coidado das persoas (asignadas tradicionalmente ás mulleres), sexan asumidas e compartidas por todas as persoas da unidade de convivencia.

**Androcentrismo:** enfoque dun estudo, investigación ou análise, unicamente desde a perspectiva masculina, así como a utilización posterior dos resultados entendéndoos como válidos para a totalidade dos individuos, homes e mulleres.

**Empoderamento feminino:** posúe unha dobre vertente. Por unha banda refírese á capacidade das mulleres para acceder a aqueles postos onde se toman decisións. Pola outra, á revalorización das achegas das mulleres.

**Que sabes destes conceptos? Que opinas deles? Hai alguén na túa casa que teña dobre xornada? Hai machismo na túa aula, entre os teus amigos e amigas?...**